



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) | www.bergondo.es | Telf.: 981 79 12 52 | Fax: 981 79 42 33

ANUNCIO

Con data 9 de marzo de 2026, ditouse a resolución de alcaldía 244/2026, pola que se resolve, entre outros, o seguinte:

Primeiro: aprobar a realización do III Día do Deporte no concello de Bergondo, o día 25 de abril de 2026, no Albergue de Gandarío, sito neste concello. As características para este día serán as seguintes:

Data	25 de abril de 2026
Participantes	-Menores de 14 anos terán que asistir acompañados de pai/nai ou titor, titora. -Maiores de 14 anos poderán asistir unha vez asinada a solicitude de participación.
Horario	12:00 h: apertura de portas De 12:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00 h. -Exhibicións de actividades a cargo dos diferentes clubs e entidades que colaboran. -As persoas participantes poderán participar en diferentes actividades como: escalada, tiro con arco, triciclos, parkour e skate, volei, tenis, badminton, florbball, kin-ball, goal-ball, xogos populares, minigolf e kayaks. De 14:00 a 15:30 h.: descanso para xantar. 18:00 h: fin de actividade

Segundo: aprobar as bases que rexerán esta actividade deportiva, e que se indican a continuación:

1. Formas de inscrición:
 - a. Nos clubs participantes ata o 10 de abril.
 - b. Persoas empadroadas no concello de Bergondo que queiran a degustación: deberán realizar a solicitude na Casa da Cultura dende o 7 ata o 10 de abril en horario de 9:30 a 14:30.
 - c. **Participantes que se inscriban o mesmo día da actividade:** deberán realizar a inscrición no espazo situado a tal fin a efectos de seguro de accidentes e autorizacións pertinentes.
2. As persoas participantes:
 - a. Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta actividade.
 - b. Fan constar que a persoa inscrita non padece enfermidade que a incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
 - c. Autorizan a ceder os datos persoais da solicitude á empresa que impartirá as actividades.
 - d. Advírtese que se sacarán fotografías e/ou vídeos durante o evento, que poderán empregarse con fins informativos ou divulgativos nas redes sociais e web do concello.
 - e. De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados

serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento da área de cultura e educación, departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e serán cedidos a empresa coa que se contrate a realización das actividades ou por obriga legal cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXPd: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello e , os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: **Concello de Bergondo** con dirección en **Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña)**. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@bergondo.gal ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/> á empresa que realiza as actividades

3. O concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as modificacións na programación e desenvolvemento da actividade.

Bergondo, 27 de marzo de 2026

A alcaldesa, Alejandra Pérez Máquez